

[Encontro entre Cooperativas. Nº 1 – 14 abril]

Programa #SaimosCooperando

[Actividade realizada no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social - POISES- e da REDE EUSUMO]

DATAS REALIZACIÓN	Mércores 14 de Abril de 2021	DURACIÓN	2 horas
HORARIO	09:30 – 11:30 horas		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Encontro en formato On-line – A través de Zoom		
PERSONA DE CONTACTO	Ramón Carmelo Rodríguez Padín (Técnico da Unión de Cooperativas EspazoCoop)	TELÉFONO	623301529
		E-MAIL	ramon@espazo.coop

FINALIDADE E OBXECTIVOS

- Presentar o Programa #SaimosCooperando, edición 2021.
- Pór en común e intercambiar información sobre a experiencia de uso de ferramentas telemáticas que melloren o planeamento, a xestión, a consolidación empresarial e comunitaria, e a adaptación á nova contorna das cooperativas participantes, e daquela sexa coherente cos obxectivos do Programa.
- Xerar un espazo de coñecemento mútuo e promoción de posibles accións de cooperación entre as cooperativas e persoas participantes.

PROGRAMA - CONTIDOS

09:30 h. - Benvída e presentación das persoas e cooperativas.

09:45 h.- Presentación do Programa #SaimosCooperando – Edición 2021.

10:00 h.- Quenda de preguntas.

10:15 h.- Ferramentas telemáticas para a mellora do planeamento, a xestión e a consolidación das cooperativas participantes. Rolda de intervencións e resolución de dúbidas.

11.30 h.- Peche do encontro.

METODOLOXÍA

Os Encontros Telemáticos desenvolveranse cunha metodoloxía activa e participativa, que facilita o interese, a atención e o intercambio entre as persoas asistentes. Utilízanse medios audiovisuais (presentación, vídeos, enlaces webs, etc.) e realízanse actividades dinámicas de reflexión e debate, promovendo a implementación das aprendizaxes e experiencias vivenciadas na sesión.

Neste Encontro animarase ás cooperativas participantes a presentar de forma breve unha ferramenta telemática que poida ser de utilidade por exemplo para a mellora na organización interna; planeamento estratéxico e operativo; xestión comercial; xestión de proxectos; xestión económico-financeira.

Abrirase un espazo para formular preguntas e intercambio de comentarios sobre as ferramentas presentadas, e tirar conclusións que poidan ser de utilidade para a consecución dos obxectivos do Programa.

Dinamizará o Encontro a equipa técnica da Unión de Cooperativas EspazoCoop.

DIRIXIDO A

- Cooperativas socias de EspazoCoop de forma preferente.
- Outras cooperativas galegas (non asociadas á Unión).



Esta actividade enmárcase:

- na Programación 2021 da Rede Eusumo. A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo e Economía Social do Goberno de España.
- no Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social (POISES) 2014-2020. OT 8: conseguir formación e emprego de calidade.